La Casa del Mapa

PRODUTOS RECOMENDADOS



OBSERVAR A ECLIPSE

Lentes para a eclipse

Certificado EN ISO 12312-2:2015 e CE



LIBRO

Eclipses de Sol. Los eclipses españoles de 2026, 2027 y 2028

Libro sobre eclipses solares, fundamentos astronómicos, ciclos e impacto social cunha descrición detallada das eclipses visibles desde España.

Existe a opción de adquirir as lentes xunto co libro, coa correspondente redución no importe.

CONSELLOS PARA A OBSERVACIÓN

PROTEXE OS TEUS OLLOS

A radiación que emite o Sol, a diversas lonxitudes de onda, pode danar permanentemente a vista, producindo mesmo cegueira. Este dano non produce sensación de dor, polo que resulta aínda máis perigoso, xa que pode pasar desapercibido.

Observar o Sol sen a protección correcta é moi perigoso.

Regras esenciais:

- Os filtros "caseiros" como radiografías, lentes de sol, os CD, cristais afumados, lentes de soldador, filtros baratos para prismáticos e telescopios..., non son seguros e son totalmente desaconsellables.
- Nunca mires o Sol sen protección homologada.
- Usa só lentes de eclipse certificadas.
- Aínda que teñas as lentes homologadas postas, non é recomendable mirar o Sol máis dun minuto seguido.
- As lentes deben cubrir todo o campo de visión e estar en perfectas condicións (sen raiaduras nin desperfectos).
- Só se pode mirar sen protección mentres o Sol estea completamente oculto, durante a totalidade da eclipse.

CONSELLOS PRÁCTICOS

Coñece a información sobre as próximas eclipses que se poderán observar desde o noso territorio desde o portal www.trioeclipses.es:

- Encontra información científica e divulgativa.
- Accede ao visualizador interactivo visualizadores.ign.es/eclipses/ desde o punto "Centro de traxectorias" onde podes planificar a observación da eclipse, consultar os horarios, a porcentaxe de escurecemento e os datos meteorolóxicos en tempo real da AEMET da túa localidade.
- Consulta os recursos máis salientables.

RECOMENDACIÓNS DE SEGURIDADE

A Comisión Científica e de Asesoramento do Trío de Eclipses recomenda estes cinco aspectos para comprobar se unhas lentes de eclipse son seguras:

- O cumprimento da norma ISO debe estar indicado claramente. Busca a inscrición «EN ISO 12312-2:2015» nas lentes, a súa embalaxe ou as instrucións. Se só pon «ISO 12312-1» (uso xeral), no son aptas para mirar o Sol.
- Se as compraches na UE, deben levar o marcado CE auténtico, e non simplemente impreso ou selado e sen máis xustificación.
- Fíxate na etiquetaxe. Debe aparecer o nome do fabricante, advertencias sobre o uso seguro, instrucións claras de conservación e, se aplica, unha data de caducidade.
- Examina as lentes físicamente. Se o filtro está raiado, solto, dobrado, ten zonas máis claras ou se lle nota algún defecto, non debes usalas. Un só punto débil pode deixar pasar suficiente luz como para danar a vista.
- Consulta fontes fiables. Organismos como planetarios, asociacións astronómicas ou entidades científicas adoitan recomendar distribuidores ou produtos que pasaron controis de calidade.



visualizadores.ign.es/eclipses



LIBRO

Eclipses. El Sol y sus eclipses en la ciencia, la historia y las artes

Un percorrido polas eclipses solares na historia e a cultura, cunha sección dedicada á próxima tríada de eclipses.



PÓSTER

Infografía didáctica sobre as eclipses



LIBRO

Anuario del Real Observatorio Astronómico de Madrid 2026

Unha recompilación dos fenómenos astronómicos de 2026, centrada na eclipse total do 12 de agosto.

Existe a opción de adquirir as lentes xunto co libro, coa correspondente redución no importe.

ECLIPSES VISIBLES EN ESPAÑA

2026 · 2027 · 2028

Información astronómica oficial ofrecida polo Instituto Xeográfico Nacional seguindo os cálculos realizados polo Observatorio Astronómico Nacional.



visualizadores.ign.es/eclipses/

12 DE AGOSTO DE 2026: ECLIPSE TOTAL

Visible a última hora da tarde. A franxa de totalidade cruzará España de noroeste a este.

2 DE AGOSTO DE 2027: ECLIPSE TOTAL

Visible pola mañá. A franxa de totalidade percorrerá o sur de España.

26 DE XANEIRO DE 2028: ECLIPSE ANULAR

Visible pouco antes da posta de Sol. A franxa de anularidade cruzará a Península de suroeste a noreste.

Adquire os nosos produtos nas Casas do Mapa, puntos de venda e tenda virtual.
www.cnig.es/home

Instituto Xeográfico Nacional
O. A. Centro Nacional de Información Xeográfica
General Ibáñez de Ibero 3. Madrid, 28003
91 597 95 14 - consulta@cnig.es - www.ign.es

NIPO Papel 198-26-033-2 · NIPO Digital 198-26-034-8
DOI 10.7419/162.17.2026 · Depósito legal M-13387-2026

Créditos da imaxe de portada: ESO (European Southern Observatory)/P. Horálek/Solar Wind Sherpas project

GOBIERNO DE ESPAÑA · MINISTERIO DE TRANSPORTES Y MOVILIDAD SOSTENIBLE · INSTITUTO GEOGRÁFICO NACIONAL

TRÍO DE ECLIPSES ESPAÑA

ECLIPSES VISIBLES EN ESPAÑA

2026 2027 2028

TRES CITAS ASTRONÓMICAS ÚNICAS

RECOMENDACIÓNS PRÁCTICAS E PRODUTOS